



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Anuncio dun novo proceso selectivo complementario para incrementar o persoal da bolsa de emprego de limpador/a de edificios públicos e vía pública do Concello de Muros

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1355/2024 do 9 de decembro adoptáronse os seguintes acordos:

“Vista a Resolución desta Alcaldía núm. 341/2023 de 1 de abril, pola que se aprobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal temporal de limpador/a de edificios públicos e vía pública do Concello de Muros domicilio do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 68 do 8 de abril de 2024.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 831/2024, de 30 de xullo aprobación da proposta do 19 de marzo de 2024 do tribunal do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Muros establecendo o orde de chamamento segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 341/2023 de 1 de abril.

Visto que en determinados momentos non hai persoas candidatas dispoñibles na bolsa de emprego creada para cubrir as necesidades de persoal no concello neste servizo, é preciso aumentar a bolsa de emprego con novas persoas.

En base a todo o anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un novo proceso selectivo complementario para incrementar o persoal da bolsa de emprego de limpador/a de edificios públicos e vía pública do Concello de Muros.

Segundo. As bases polas que se rexerá este proceso selectivo complementario son as aprobadas mediante Resolución da alcaldía núm. 341/2023 de 1 de abril, pola que se aprobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal temporal de limpador/a de edificios públicos e vía pública do Concello de Muros domicilio do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 68 do 8 de abril de 2024.

Terceiro. O prazo para a presentación de solicitudes de participación neste proceso selectivo será de 10 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP.

Cuarto. As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo serán incluídas na bolsa de emprego existente a partir da última persoa que forma parte da mesma.”

Muros, 11 de decembro de 2024

A alcaldesa,

María Lago Lestón